Licenzas do club

Área do club · Plataforma da Federación Galega de Tenis de Mesa

Que vas aprender

- Solicitar unha licenza nova.
- Ver as licenzas do club e o seu estado.
- Descargar o informe de licenzas (PDF ou CSV).
- Descargar os carnés en PDF.

Entra antes coa conta do club (botón *Acceder*).

1 Abre a lapela «Licenzas»

No área do club preme 1 **Licenzas**.



2 Licenzas do club

1 **Tempada** que estás a ver. 2 Buscador por nome ou nº de licenza. 3 Filtros: **Todas**, **Sen facturar**, **Sen pagar** e **Pagadas**. 4 Columna **Pagamento** co estado de cada licenza. 5 Carné da licenza.



A. Solicitar unha licenza

3 Preme «Engadir licenza»

É a primeira fila da táboa 1.

4 Escolle o deportista e o tipo

1 Se xa tivo licenza, busca en **Deportista existente** e recupéranse os seus datos. Se é novo, preme **+ Novo deportista**.

2 Escolle o **tipo de licenza**. A categoría calcúlase coa data de nacemento.

3 Revisa ou cubre os datos persoais.



5 Completa e envía

Cubre o contacto e o domicilio e preme 4 **Crear licenza**.



6 Solicitude enviada

A licenza aparece arriba coa etiqueta 5 **NOVA** e o estado «Solicitude nova». Mentres estea así, podes editala ou borrala cos botóns da dereita.

A solicitude non é aínda unha licenza: a federación revísaa e, ao facturala, asígnalle o número de licenza.

B. Informe de licenzas e carnés

7 Menú de ferramentas

Para os carnés, marca primeiro 1 as licenzas que queiras (ou a caixa da cabeceira para todas). Despois preme o botón 2 ⋮:

3 **Exportar PDF**: listado de licenzas da tempada.
4 **Exportar carnés**: un PDF cos carnés seleccionados.
5 **Exportar CSV**: o listado para Excel.

8 Informe en PDF

Ábrese o listado coas licenzas, o seu estado e un resumo. Preme 1 **Abrir en pestana nova** para descargalo ou imprimilo.

9 Carnés en PDF

O PDF trae un carné por licenza, listo para imprimir e recortar. Para ver o carné dunha soa licenza, preme o botón 5 da súa fila (paso 2).